



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 26 de agosto de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 19 de agosto de 2020.
2. Acéptase a cesión anticipada de terreos con destino ó viario a Gorita, Loira, Marín.
3. Dáse conta da convocatoria de subvencións para a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da concesión de subvención pola Consellería do Mar, por importe de 14.503,29 euros ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o proxecto "Divulgación e promoción da actividade da Praza de Abastos", comprometendo o Concello a achega de 3.625,83 euros.
5. Acórdase a aprobación inicial do Plan Parcial S.U.D. P.I.C.-1 SEARAS, promovido por Refrescos do Atlántico, S.L., e apertura do trámite de información pública polo prazo de dous meses.
6. Concédese licenza de obras de reforma de cuberta en vivenda sita en Fixón, nº 16, Marín.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da concesión de subvención pola Consellería de Cultura e Turismo, por importe de 6.000 euros, ao abeiro das axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos, cun importe total do proxecto de 11.392,03 euros.
2. Dáse conta da inadmisión de solicitude de subvención a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 2021 dentro do programa "O teu Xacobeo 2020", para as actividades "Xornadas Blanco Freijeiro 2020" e "Rutas culturais de coñecemento do patrimonio cultural de Marín".
3. Concédese licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en Serafín Tubío, nº 13, Marín.
4. Concédese licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Porteliña, nº 3, Marín.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E400059F3000Y1P0P4O6Y7S1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/09/2020 12:47:08	DOCUMENTO 20200368432 Fecha: 04/09/2020 Hora: 12:47
--	--	---

